



INSTRUCCIÓN PARA A UTILIZACIÓN DA PLATAFORMA DIXITAL E-LBE.2



[E-LBE.2](#) é un **servizo complementario** que poden ofrecer as bibliotecas escolares dos centros educativos galegos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, integrados no PLAMBE. Trátase dunha plataforma de lectura e préstamo de contidos dixitais que enriquece as

colecións das bibliotecas escolares. Cun volume actual de máis de **4000 títulos**, e en **continua ampliación**, están **dispoñibles para ler en pantalla**, en todo tipo de **dispositivos** (computador e dispositivos móbiles), en **calquera momento e lugar**, para todas as persoas usuarias (profesorado, alumnado e familias) dunha biblioteca escolar PLAMBE.

Os fondos de E-LBE.2 son variados, actuais e están seleccionados atendendo aos criterios que, en xeral, seguen as bibliotecas escolares galegas. **A selección, xestión e control dos contidos e a súa actualización coordínanse desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares.**

A plataforma ofrece:

- **Recursos de ficción e non ficción** para todos os ciclos e etapas: libros, revistas, audiolibros, podcast...

- **Un catálogo intelixente:** recomendacións de lectura a medida que vai coñecendo os gustos das persoas usuarias.
- **Accesibilidade na lectura:** tipografía específica para facilitar o acceso á lectura e lectura en audio de todos os libros dispoñibles.
- **A posibilidade de lectura compartida** co grupo-clase ou en clubs de lectura mediante o uso dos recursos proxectados en pantalla, encerado dixital ou outros dispositivos.
- **Lectura en calquera momento e lugar:** accesible 24/7 e modalidade de lectura tanto online coma offline para ler sen conexión.
- **O acceso desde 6 dispositivos** diferentes con sincronización no último punto de acceso, permitindo que as familias tamén gocen desta solución.
- **A posibilidade de uso a través dunha APP** (gratuíta e dispoñible nas tendas de aplicacións para os distintos dispositivos) **que aumenta a interactividade:** estatísticas, desafíos, establecemento de obxectivos diarios ou mensuais...
- O acceso mediante **tres perfís diferentes: usuario alumnado** (ata 2 préstamos de xeito simultáneo, cun **máximo de 15 títulos** durante o curso escolar) e **usuario docente** (ata 2 títulos de xeito simultáneo **sen límite** de préstamos), **outras persoas usuarias da comunidade educativa** (ata 2 préstamos de xeito simultáneo, cun **máximo de 10 títulos** durante o curso escolar).

PAUTAS BÁSICAS

Para o uso da plataforma é preciso seguir algunhas pautas:

1. O acceso á plataforma dixital **está vencellado directamente á biblioteca escolar**. É responsabilidade de cada equipo escoller as persoas usuarias (determinados niveis, grupos, clubs de lectura etc.), sexa no ámbito do alumnado, do profesorado ou doutras persoas da comunidade educativa (familias, persoal non docente etc.), mais sempre dentro da dinámica de usos e de préstamo da biblioteca escolar.
2. Cada equipo deberá deseñar unha **estratexia de dinamización** deste recurso que resulte coherente coa realidade do seu centro educativo.
3. A plataforma de préstamo dixital conta con axuda para a orientación das persoas usuarias na escolla de lecturas do seu interese, mais esta axuda non pode substituír a mediación e orientación do equipo docente. En particular, **nas etapas de educación infantil, educación primaria e primeiro ciclo do ensino**


secundario, o préstamo debe facerse dentro do horario lectivo, seguindo as prácticas habituais nas bibliotecas escolares.

PRIMEIROS PASOS

Recoméndase que, antes de acceder con autenticación á plataforma, se realice unha navegación completa pola mesma para familiarizarse coa aplicación e tamén para consultar a colección de títulos dispoñibles. Esta primeira experiencia na plataforma debería formar parte do programa de formación de persoas usuarias da biblioteca escolar.

Desde a caixa de busca podemos realizar buscas libres e personalizadas por título, persoa autora, materia... e tamén podemos empregar os filtros rápidos dispoñibles embaixo da caixa de busca: podemos ver o número de títulos dispoñibles por editorial, persoa autora, idade, ano de publicación, idioma...

É importante ter en conta que as palabras que introduzamos na caixa de busca quedarán fixadas para as buscas seguintes se non as eliminamos; se queremos facer unha nova procura con palabras distintas, teremos que eliminar as anteriores.



Unha vez localizado o título do noso interese, podemos acceder á súa ficha e dispoñer de máis información, como un resumo e o ISBN. Nesta pantalla destacan dous botóns:

- Se prememos sobre o botón de **Vista previa** podemos acceder ás primeiras páxinas do título para facernos unha idea sobre a obra antes de decidirmos collela en préstamo. Esta previsualización pode realizarse sen necesidade de estar

autenticado na plataforma e é **altamente recomendable para asegurarnos de que o recurso é o que queremos**; dese xeito, non consumiremos a licenza de uso nin quedaremos sen un dos nosos préstamos se o libro finalmente non nos interesa.

- Se prememos sobre o botón **Prestar** pedirásenos que nos autenticuemos para poder coller o recurso en préstamo. **Coidado!** Se facemos clic sobre este botón unha vez que esteamos autenticados, o **título quedará asociado en préstamo á nosa conta**, polo que convén asegurarse de que realmente é o título que desexamos ler, xa que **este paso consumirá un dos nosos préstamos**. Cómpre termos en conta que, segundo o tipo de persoa usuaria que sexamos, **teremos un límite de 10 ou 15 títulos por curso escolar**.



Berta Dávila

★★★★★

PRESTAR **VISTA PREVIA**

Cinco anos despois de ser nai, a protagonista desta novela atópase inesperadamente na disxuntiva de decidir se quere volver selo ou non. O recordo doloroso do primeiro ano de crianza do seu fillo devóllelle un reflexo da experiencia que non resulta doado encaixar, atravesado pola culpa e o arrepentimento. Desde o relato das derradeiras semanas do ano, onde as reunións familiares se mesturan con acontecementos repentinos, a narradora fálanos da familia e da parella, dos lazos que non se escollen, pero tamén do loito, da amizade e da capacidade da literatura para recoller aquilo ao que nos custa poñerlle nome. Berta Dávila configura en «Os seres queridos», Premio Xerais de Novela 2021, un autorretrato incómodo sobre o que significa o amor maternal, unha historia que afonda nas arestas controvertidas da maternidade e confronta o relato edulcorado. Pero, por enriba de todo, a autora constrúe unha novela sobre os vínculos que nos atrapan e nos sosteñen, sobre se iso que somos é tamén o que queremos ser.

Copias disponibles	Préstamos totales
1	14
Visitas	
95	

PRÉSTAMO/DEVOLUCIÓN DE TÍTULOS

A plataforma de préstamo dixital E-LBE.2 contempla **tres perfís diferentes de persoa usuaria**:

- **Usuario alumnado**: pode obter en préstamo ata 2 títulos de xeito simultáneo, dun **máximo de 15 títulos** durante o curso escolar.
- **Usuario docente**: pode obter en préstamo ata 2 títulos de xeito simultáneo, **sen límite** de préstamos.
- **Outras persoas usuarias da comunidade educativa**: ata 2 préstamos de xeito simultáneo, cun **máximo de 10 títulos** durante o curso escolar.

Como xa indicamos na sección anterior, para podermos coller en préstamo un título e gozar da obra completa en versión dixital, debemos autenticarnos previamente na plataforma cos datos de acceso que nos facilite a nosa facilitados pola nosa biblioteca escolar.

Podemos autenticarnos en calquera momento premendo sobre o rótulo **IDENTIFICARSE** que aparece na parte superior dereita da plataforma, aínda que **recomendamos que a busca se realice inicialmente en modo anónimo** (sen estar autenticada ou autenticado) **co fin de evitar coller en préstamo algún título de forma involuntaria ou non desexada.**

Unha vez localizada a obra que desexamos, deberemos introducir as nosas credenciais. Cando nos identificamos por primeira vez, a plataforma vainos pedir que cambiemos o contrasinal provisional que se nos facilitou por un contrasinal persoal. Neste paso podemos achegar un correo electrónico de contacto, mais non é imprescindible.

Cando xa esteamos autenticadas ou autenticados, aparecerán as nosas iniciais na barra de información superior, ou a nosa imaxe de perfil se a subimos. Se prememos sobre a **área de usuario** despregarase unha listaxe de opcións con diversas funcionalidades: o noso andel de préstamos e o noso historial, as listaxes creadas por nós e os nosos retos...

Para saír da sesión debemos premer sobre o botón **Saír**, situado na mesma zona.

